

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE DECEMBRO DE 2006.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Purificación Rodríguez Rico.
D^a Isabel Blanco Pico.
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e cinco minutos do día sete de Decembro de dous mil seis, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Purificación Rodríguez Rico, Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste a Interventora D^a Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona M^a del Pilar Acebes Ruano, secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

D^a Águeda Bello Valdés.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a M^a del Pilar Acebes Ruano.
Secretaria accidental

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 2 DE NOVIEMBRE DE 2006.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria de data 2 de Novembro de 2006, previamente remitida coa convocatoria, e non formulándose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

“2º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA POLO PARTIDO POPULAR, Dª PURIFICACIÓN RODRÍGUEZ RICO.”

Seguidamente dáse conta do escrito da Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dª Purificación Rodríguez Rico de data 28 de Novembro de 2006, (entrada número 7375/06), que transcrito di:

“PURIFICACIÓN RODRÍGUEZ RICO, con D.N.I.: 32.644250-M, presenta a súa renuncia, totalmente irrevogable, por motivos persoais, ó acta de concelleira polo Partido Popular no Concello de Fene.

Prego se faga efectiva á maior brevidade posible.”

Ábrese o debate e pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico, quen unha vez concedido manifesta que aínda que se trata dunha toma de coñecemento quere dicir e aproveitar o momento para despedirse como concelleira, xa que como veciña de Fene espera seguir durante moitos anos e que está á disposición de todos para o que lles faga falta así como poder contar con todos, que nestes case oito anos, para ela foi unha experiencia inolvidable, fixo amigos, tamén inimigos pero é bastante positiva polo que cal prevalecen os amigos e sinala que para todo o que queiran espera seguir estando en contacto.

Acto seguido o Sr. Alcalde-Presidente quere darlle as grazas á Sra. Rodríguez Rico polo traballo desenrolado durante todos estes anos e dicirlle que á marxe das ideas políticas, as persoas están case sempre por enriba e as relacións sempre foron moi boas polo que a el respecta, que van seguir sendo no futuro, que sabe que pode contar con el para o que faga falta, que a considera unha persoa honrada, honesta, que fixo unha labor moi importante e ten que agradecerlle o traballo realizado e espera seguir víndose e levándose ben porque realmente sempre se levou moi ben con ela.

Nestes momentos aplauden os asistentes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que respecta os motivos persoais da voceira do Partido Popular pero a verdade é que persoalmente e politicamente lamenta a súa marcha porque espera que os concelleiros que integran o seu grupo estén dentro das persoas que ela dicía que se levaba como amigos e como bos recordos desta corporación, e politicamente á marxe das responsabilidades persoais, dicir que o Grupo Socialista nestes catro anos de lexislatura sempre atopou na voceira do Partido Popular unha persoa coa que se podía dialogar e chegar a acordos ao longo desta lexislatura polo ben dos veciños e veciñas de Fene, polo tanto en nome do grupo municipal socialista desexarlle a mellor sorte do mundo fóra desta Corporación e que como veciña poidan seguir disfrutando da súa colaboración e da súa amizade durante moitísimo tempo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende EU deséxanlle o mellor, que levan oito anos xuntos na corporación e que a considera unha excelente persoa, que lle desexa o mellor, que aquí traballou como todos defendendo as ideas que cada quen defende, cre que bastante ben e dende o seu punto si que a considera unha amiga mais e todo o que poidan facer por ela encantado.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que sempre son difíciles as despedidas pero que en nome do BNG quere darlle polo menos esta despedida que é sincera dos compoñentes do BNG, e aínda que tiveron en moitas ocasións discrepancias hai unha cousa que si é certo, que sempre chegaron a un acordo e sempre se entenderon, porque sempre atacou o tema como unha gran persoa que é e dende o punto de vista persoal e por iso sempre lograron resolver tódolos problemas que tiveron, cre que nestes anos que tiveron hai unha perda na corporación coa súa marcha e esperan que a súa vida laboral sexa efectiva e que aquí ten uns compañeiros para o que queira.

Coñecido o anterior escrito, a Corporación Municipal toma coñecemento da renuncia da Concelleira do Partido Popular D^a Purificación Rodríguez Rico e acorda dar traslado deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de expedición da correspondente credencial acreditativa da condición de electo/a a favor do/a candidato/a ao que corresponde cubrir a vacante producida.”

Nestes momentos e sendo a hora das 18:10 co permiso da Presidencia retírase da sesión D^a Purificación Rodríguez Rico.

3º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MESA DE NEGOCIACIÓN E NA COMISIÓN NEGOCIADORA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil en data 30 de Novembro de 2006 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO E PROTECCIÓN CIVIL

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 27 de Novembro de 2006 que transcrita di:

PROPOSTA

O artigo 31 da Lei 9/1987, de Órganos de Representación, Determinacións das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións públicas establece que se constituirá unha Mesa xeral de negociación no ámbito da Administración do Estado, así como en cada unha das Comunidades autónomas e Entidades Locais, que será o órgano competente para a determinación das condicións dos funcionarios públicos do ámbito correspondente.

Por outra banda, o artigo 88 do Estatuto dos traballadores regula a comisión negociadora establecendo que se constituirá dun lado polo empresario ou os seus representantes e de outro polos representantes dos traballadores.

Considerando necesario proceder á designación expresa dos representantes deste Concello nos órganos de negociación dos funcionarios e persoal laboral anteriormente citados.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- Designar como representantes do Concello na Mesa de Negociación e na Comisión negociadora aos Sres. Integrantes da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil, é dicir:

- D. Andrés González Vizoso (Presidente).

Polo Grupo Municipal do BNG

- D^a Alicia Martínez González
- D. Xosé Angel González Tomé

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

- Don José Iván Puentes Rivera
- Dona Carmen Goti Ramil

(Suplente: D. Manuel A. Rodríguez Carballeira)

Polo Grupo Municipal do P.P.

- Dona M^a Isabel Blanco Pico,

Polo Grupo Municipal de EU-IU

- Don Manuel Sánchez Martínez

Sometida a Proposta a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil, por unanimidade acorda dictaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía e propoñer ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.”

Non producíndose intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico, Policía e Protección Civil de data 30 de Novembro de 2006, resultando aprobado por unanimidade tal e como anteriormente figura transcrito.

4º.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

5º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dictadas dende o anterior Pleno Ordinario e comprendidas entre os números 902 do 30 de Outubro de 2006 e a número 1009 do 30 de Novembro de 2006.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que en primeiro lugar sobre o tema xa traído a pleno noutras ocasións sobre as inundacións que está habendo na parte baixa da parroquia de Perlio por mor das choivas que estanse producindo durante os últimos meses, e queren saber porque noutras reunións se instou ao grupo de goberno a emprender todo tipo de accións para acadar da administración autonómica fundamentalmente aquelas medidas que puidesen solucionar o problema de inundacións, que puidesen permitir unha actuación directa no Río Cádavo para solucionar ese problema de inundacións que está a sufrir a parroquia de Perlio e queren saber se dende o grupo de goberno hai algunha novidade ao respecto e tamén saber á marxe destas que tipo de accións estanse a desenvolver por parte do grupo de goberno do Concello de Fene para evitar na medida do posible estas situacións e tamén para indemnizar e reparar as perdas causadas aos veciños afectados por estas inundacións.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que está solicitado por segunda vez reunións co Director Xeral de Medio Ambiente e o presidente de Augas de Galicia, de momento non contestaron pero o que parece é que vai vir o delegado de medio ambiente para a semana.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que está solicitada por segunda vez xa desde que se inundou unha reunión co Director de augas e outra co Director Xeral de Medio Ambiente, non contestaron, repetiuse a solicitude hai aproximadamente oito ou dez días e ata hoxe non teñen confirmación algunha desta reunión e non ten idea de que veña ninguén aquí. Sobre o que preguntaba o voceiro do PSOE sobre os medios que estaba a utilizar o concello, dicir que estanse utilizando tódolos medios de que dispón, de feito hoxe mesmo que é ponte no concello que ninguén traballa pero hai unha brigada de traballadores no concello mobilizada para facer o que se pode nestes casos que é ben pouco, estanse dedicando basicamente a limpar algún talude dos que caen por aí, e no tema da auga, unha vez que baixa, lavar as calles do lodo, e repite que todo o que se pode facer neste caso estase facendo, e a día de hoxe non ten noticias de ningunha outra cousa.

A continuación o Sr. Puentes Rivera pide o uso da palabra e unha vez concedido manifesta que o seu grupo ofrece a súa colaboración para solventar ese tipo de cuestións na medida das posibilidades coa Xunta de Galicia tamén. Falando da auga pero non do río senón da de abastecemento aos veciños lembra que hai pendente dende que no pleno de hai aproximadamente un mes se aprobaran parte das ordenanzas do 2007 e temos pendente aínda a aprobación da taxa que regula o prezo da auga, a aprobación desa ordenanza, en función do falado nas diferentes comisións, está supeditada á presentación dun informe por parte do Concello sobre o informe que Aquagest lle presente ao concello, convocar á comisión da auga para estudar o informe e emitir un ditame ao respecto e elaborar a resposta definitiva de taxa para abastecemento de auga para o ano 2007, e queren saber en que fase está todo este proceso e urxir tamén ao grupo de goberno que canto antes presente aos grupos da oposición ese proxecto de ordenanza da taxa de abastecemento de auga para o ano 2007, aprobalo canto antes e que se poida aplicar para o ano. A último pregunta que teñen, tamén referida á concellería de Facenda, é que estase xa no mes de decembro de 2006, a oposición aínda non coñece o proxecto de orzamentos do grupo de goberno para o ano 2007 e algo que veñen anunciando dende o verán practicamente pois vaise cumprir, que novamente un

exercizo mais o Concello de Fene non aprobará o orzamento coa antelación suficiente para que entren en vigor o día 1 de xaneiro de 2007 e polo tanto se poidan aplicar dende comezos de ano e se poidan desenvolver con total normalidade tódalas obras contempladas nese orzamento, o que pasa cando iso non é así todos o saben, como está pasando estes anos, que se aproba o orzamento a mediados de ano, remata o exercizo económico e meirande parte das obras que nos custa pactar, dialogar e incluír nese orzamento non se poden facer porque non hai tempo material para executalas, e xa é imposible cumprir o seu desexo que Fene empece o ano con orzamento novo pero polo menos si que rogan unha vez mais que se elabore ese proxecto de orzamentos, que se lle entregue canto antes aos grupos da oposición, que empecen a consensualos e que á maior brevidade posible veña a este pleno, entre outras cousas, aparte do exposto, estívose falando este días do POS hai obras que por unha limitación orzamentaria non se poden incluír nese POS e que deberán ser incluídas no orzamento do 2007, por tanto cre que é interesante non só para a corporación senón para o conxunto dos veciños que Fene teña un orzamento canto anos e rogarlle ao grupo de goberno que o presente canto antes e en todo caso preguntarlle nesta sesión si hai tamén algunha novidade ao respecto, se o proxecto de orzamento para o 2007 está xa elaborado e si é así cando se ten pensado facilitarlllo aos grupos da oposición para que poidan empezar a estudar e a dialogar co grupo de goberno.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez, quen unha vez concedido manifesta que comezando pola primeira pregunta sobre o tema da ordenanza da auga, que esperan recibir ese informe a mediados da semana que entra, e tan pronto se teña convocarase á comisión da auga para inmediatamente vir a comisión de facenda e traelo aprobado, que en principio se desbotou a idea de manter vía xudicial polo menos o que é o informe de Aguagest con respecto á perda que di que teñen polo tema de Astano e o ultimo que mandaron foi un informe coas subidas permanentes de tódolos anos que lle corresponde, iso é o que están informando os técnicos e cando esté esa información levalo á comisión de augas, mentres non estea o informe e se poida presentar na comisión non se pode establecer o calendario, espera que a vindeira semana se poida poñer data desa comisión, así mesmo non so para o tema de auga senón para o tema que quedou sobre a mesa das ordenanzas de subvencións para futuros anos das entidades. Con respecto ao orzamento comezouse a traballar nel, está o equipo técnico traballando nel e por parte do grupo tamén están acadando información de tódalas áreas para coñecer cal vai ser o proxecto do ano que ven e unha vez conxuntado se entregará, é pretensión e sempre o foi do grupo de goberno facelo antes de ano, non sabe si o lograrán pero intentar van intentalo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira, quen unha vez concedido manifesta que quere preguntar por un tema que xa plantexaron algunha vez sobre varias denuncias referidos ao barrio de San Valentín, que polos rexistros de augas pluviais saían vertidos do propio alcantarillado e quere preguntar si se solventaron estas denuncias a estas alturas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que segundo os técnicos San Valentín ten un problema cando entra en carga coa choiva ou coas mareas, nalgún punto de San Valentín se mestura o alcantarillado e pluviais e de momento solucionouse un problema que había cre que á altura do bloque 8, pero teñen coñecemento de que ten que haber algún sitio mais con ese problema porque nalgúns puntos séguese detectando, cando entra en carga o sistema de recollida, polo que sexa, polo alcantarillado saen pluviais e a iso ándaselle buscando solución.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que unha vez mais queren interesarse pola piscina de Fene, saber como van as obras posto que dende o pleno anterior tampouco teñen ningunha noticia e ao mesmo tempo queren interesarse como están o que son as obras de colocación das placas solares que en maio ían empezar as obras e teñen entendido que non empezaron e queren se lles aclare. Continúa a Sra. Blanco Pico dicindo que saben que estanse sufrindo inundacións en todas partes e que tiña que ser un tema prioritario nestes momentos, non ven que por parte do Concello se estén a facer grandes seguimentos destes danos que está a ocasionar a auga, proba diso é que hai un derrube importante detrás do Caserío Vasco ao lado de talleres Martínez que non se está a facer nada nel, ou como pode ser o tema das inundacións no Cádavo que non hai ningún tipo de contención nin hai ningún tipo de xente tratando de impedir que os edificios se inunden día tras día, por iso mesmo queren saber, como se lles comentou no pleno anterior que ían á adquisición dunha motobomba, que se ía solucionar o problema, que se ía convocar un pleno extraordinario, séguese sen convocar ese pleno extraordinaria e seguen sen saber nada mais desa motobomba que se ía adquirir. Por outro lado queren preguntar cando se vai corrixir un fallo que hai nos datos da páxina web en canto á retribución dos Concelleiros, que dende que se abriu a páxina seguen estando mal e sen revisarse. Entenden que non lles parece moi axeitado, non saben si é realmente así ou non, pero queren que se lles informe debido a unha información que apareceu que di que o 24 de febreiro de 1996 ponse en funcionamento a primeira páxina de Vieiros, esta páxina é unha iniciativa dunha firma ferrolana que se chama Itenaga, un dos propietarios desta empresa é Daniel Romero, saben o que pasou na última mesa de contratación coa páxina web, co problema que houbo coa concesión a Vieiros e eles non teñen moi claro que aquí non se entre nunha incompatibilidade, entón queren que lles explicaran este punto. Por outro lado, dende o Partido Popular cren que non se está facendo un seguimento das obras que hai neste momento no Concello, proba diso é que hai obras como a que está fronte ao Bar Cociña que ten un vallado que non é o que esixe a lexislación e como xa pasou noutras ocasións con outras obras que estaban faltas dalgún tipo de licenza ou faltaba algún tipo de proxecto, que os distintos grupos cansáronse de preguntar e non recibiron contestación nin ven que se lle puxera remedio a esta cuestión por iso pensan que sería o momento da creación dunha comisión de investigación do urbanismo, e saben que eles por moito que a pidan non van conseguir que se constitúa, por iso invitan aos grupos que crean que é necesaria que a pidan que contarán co apoio do Partido Popular.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que ante todo quere facer un pequeno inciso, que a concelleira do PP non di nada, soamente divaga e larga cousas así para que vaian quedando, é moi dado dela por certo, porque cando pide unha comisión, e repite que non lle entende moi ben o que fala porque nunca se pega ao micro, pero algo dixo dunha comisión de investigación de urbanismo, e él como concelleiro que é e como presidente da comisión de urbanismo, non ten ningún tipo de problema en ceñirse a esa comisión e ao que faga falla no Concello de Fene, non ten ningún tipo de dúbida con iso, o que pasa é que tira a pedra e agocha a man e como repite é moi dado nela. Fala dun derrube no Caserío Vasco, o trae a un pleno cando é un problema dun veciño, porque si se derrubou quen ten que repoñelo é o veciño, ou en todo caso si un día decide facelo o concello terán que ser os grupos todos quenes digan si é o concello quen ten que repoñer o que caeu que é particular. Fala dunha motobomba cando xa sabe que está no concello aínda que moi a pesar dela porque lle deu moitísimas voltas e ao final a motobomba está reparada no concello pero segue falando da motobomba. En canto ao seguimento das obras, no concello de Fene, de por sempre é exemplar, aquí non se lle da nin o 10% ao

partido nin o concelleiro leva nada nin cousa polo estilo, repite que está disposto a meterse sen problema ningún e a ceñirse a esa comisión de seguimento cando queira a voceira do Partido Popular, porque seguramente nesa comisión sairían outras cousas que están moi caladas neste Concello e terían que ir saíndo para adiante, que vai sendo hora de que saian tamén.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que en relación á páxina web ten que dicir que a semana pasada foi a mesa de contratación, que quedaron dúas empresas e segundo informes técnicos de expertos da universidade, unha con mais puntuación cá outra que son Vieiros e Eumelec, que queda por facer informe de Secretaría e se asinará o contrato e si ten algo en contra polo menos de incompatibilidade de algún funcionario, que o descoñece, será ela quen informe, cre que non reúne incompatibilidades pero non é o seu problema. Continúa o Sr. Permuy Martínez a súa intervención e sinala que en relación ás modificacións da páxina web actual xa o dixeron en repetidas ocasións que non é posible facelas ata que se asine este contrato e empecen a modificar a páxina, e se modificará dunha maneira global. Cren que pronto empezará a funcionar a páxina nova e estarán actualizados tódolos datos, tanto de concelleiros como do resto.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que quere aclarar que cando falaba da motobomba non se refería á que estaba no taller para amañar senón á motobomba que mandou a Xunta a subvención para mercar unha motobomba aportando o 25% o Concello e o resto a Xunta, que se refería a esa motobomba.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que pensaba que se trataba da mesma porque como xa foron varias as intervencións co tema da motobomba pensaba que era a mesa, á que se refire ela coida que saberá como todos que se acolleron á subvención e están a expensas de que a Xunta a aprobe ou denegue. A Sra. Blanco Pico sinala que elas non saben como está o tema porque quedou no pleno anterior de vir a outro pleno e como na comisión non se tratou por iso pregunta, que non fala sempre da mesma.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que hai un mes e pico que se tirou unha farola no Cruceiro de Perlio e están sen luz e non sabe si se vai repoñer ou deixar así, que xa están acostumbrados a que as deixen na última carta da baralla. Continúa a súa intervención e di que hai un bache na subida da Igrexa de Perlio que está ao lado dunha alcantarilla que é moi perigoso e pediría que se amañara. Por outra banda dicirlle ao Sr. Pico Sanmartín xa que parece que non se lles escoita moi ben, o que pasa é que cre que cando fala unha persoa os outros deben estar escoitando, polo menos ela así o fai.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que vai empezar polo final e lamenta que non escoiten, que a ela a escoita perfectamente e cando non é así o ten que dicir pois logo ten que contestar, que simplemente pediu á voceira que se acercara ao micrófono. En canto á farola do Cruceiro é certo que está tirada, que a tirou un coche e estase pendente do seguro, que son trámites que hai que correr, si pasado un tempo non se repón, a policía fará un informe que é quen corre con estes temas e se repoñerá e logo pasarase ao seguro, pero estase nese período. O bache na subida da Igrexa agradece que llo diga pois non tiña coñecemento del, pero que ese camiño está xa adxudicado para o seu aglomerado e o bache si o hai haberá que tapalo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que estes días viron na prensa o tema da limpeza das praias que se vai facer no inverno e pregunta si vai ser este ano so ou vai continuar en anos posteriores. Outra pregunta é que na última comisión de servizos sociais se aprobaron as subvencións e pregunta polas que dependen da comisión de cultura haber como están de avanzadas pois non ten coñecemento de que se pagaran.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Tomé quen, unha vez concedido manifesta que con respecto ás subvencións de cultura están no último tramo, están pasadas a intervención e secretaría e estarán para devolver a cultura e notificar ás sociedades para que envíen a documentación pertinente para puntualas e pagalas.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde e manifesta que o tema da limpeza das praias descoñecen si a van facer no futuro porque foi unha chamada de Costas onde din que van limpar este ano pero nada mais, non saben se o farán no futuro.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. González Martínez quen, unha vez concedido manifesta que ampliando un pouco o que dixo o Sr. Alcalde, quere dicir que só se trata de limpar praias nada de cotos nin nada diso, é limpar as praias, ver os desperfectos que hai e comunicarllo a Costas e nada mais, e non saben tampouco o tempo de duración que vai ter.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Tomé quen, unha vez concedido manifesta que con respecto á pregunta que fixo o partido popular sobre a piscina contestar que está na mesma situación que na última reunión que houbo de voceiros, onde se informou como estaba e con respecto ás placas solares cando se mirou o tema da piscina estivo a empresa que as vai montar e estaban mirando a maneira de montalas xunto co enxeñeiro municipal e o arquitecto da Deputación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezaioito horas e trinta e sete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe,
Alcalde-presidente

A secretaria acctal,,

Asdo. Xosé Mª Rivera Arnoso.

Asdo.: Mª del Pilar Acebes Ruano.